

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15003212	IES Agra de Raíces	Cee	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	11
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	12
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	13
9. Outros apartados	13

## 1. Introducción

A materia de Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

As competencias poden entenderse como unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes, nas que os coñecementos se compoñen de feitos e cifras, conceptos, ideas e teorías que xa están establecidos e apoian a comprensión dunha temática concreta. As capacidades enténdense como a habilidade para realizar procesos e utilizar os coñecementos existentes para obter resultados. As actitudes describen a mentalidade e a disposición para actuar ou reaccionar ante as ideas, as persoas ou as situacións.

Nese sentido, as competencias son aquelas que as persoas precisan para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas en distintos ámbitos da vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para desenvolver a súa socialización, lograr a continuidade do seu itinerario formativo, e inserirse e participar activamente na sociedade na que vivirán e no coidado da contorna natural e do planeta. Estas competencias desenvólvense cunha perspectiva de aprendizaxe permanente, desde a primeira infancia ata a vida adulta, e mediante a aprendizaxe formal, a non formal e a informal en todos os contextos, incluídos a familia, o centro educativo, o lugar de traballo, a contorna e outras comunidades.

As competencias poden aplicarse en contextos moi distintos e en diversas combinacións, nas que se solapan e entrelazan, xa que determinados aspectos esenciais nun ámbito apoian a competencia noutro. Entre estas competencias intégranse capacidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as capacidades de comunicación e negociación, as capacidades analíticas, a creatividade e as capacidades interculturais.

Deste xeito, a materia de Proxecto Competencial pode configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade, e as actividades que se propoñan reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os diferentes saberes.

Para facilitar a concreción curricular desta materia establécense tres bloques. No primeiro bloque, o propósito é que cada alumna e cada alumno adquiren as competencias necesarias para prever un plan de traballo de cara á realización de proxectos ou a resolución de problemas.

No segundo bloque, unha vez previsto un plan de traballo, o alumnado terá que mobilizar conxuntamente as competencias transversais e os seus coñecementos para, segundo as pautas establecidas, resolver os problemas ou executar os proxectos planificados.

No terceiro bloque, abórdase a presentación do proxecto competencial por parte do alumnado.

Cómpre reforzar a presenza da comunicación nas aulas, e esta materia parece un ámbito adecuado para o facer, polo que máis que a simple exposición do traballado se busca tamén a presentación dun discurso. Por outra banda, neste bloque inclúense aspectos relacionados co emprego de soportes audiovisuais e informáticos que serven de apoio.

Desta maneira, a través da realización de proxectos significativos e da resolución colaborativa de problemas, oriéntase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

Esta programación desenvólvese no IES Agra de Raíces, situado no concello de Cee.

O grupo de 1 da ESO B da ESO da materia está formado por 17 alumnos e alumnas de entre 12-13 anos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Proxecto 1: Día das Mulleres Escritoras e o Mes da Ciencia (mulleres científicas)	Nesta unidade/proxecto, plantexaremos diferentes traballos ao alumnado para poñer en valor a tódas esas personalidades femininas, moitas veces descoñecidas ou pouco estudadas, no mundo das letras, a música e a ciencia, potenciando a realización de traballos e difusión de traballos gráficos e en soporte audiovisual que posibiliten ao alumnado planificar un proxecto competencial nas súas tres fases: planificación, elaboración e exposición do mesmo. Potenciaremos o traballo grupal e colaborativo, a transversalidade e o desenvolvemento das competencias por parte do alumnado, que terá que adquirir habilidades para analizar e elaborar materiais en diferentes soportes así como plantexar de maneira axeitada a exposición dos resultados.	33	11	X		
2	Proxecto 2: Día da Paz e o 8-M (Día da Muller)	Nesta unidade/proxecto, plantexaremos diferentes traballos ao alumnado para poñer en valor, por unha banda, a importancia da muller no ámbito laboral e	33	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Proxecto 2: Día da Paz e o 8-M (Día da Muller)	no eido das ciencia e a cultura e, por outro lado, a importancia de potenciar e desenvolver unha cultura da paz, a convivencia e a tolerancia nun mundo global e que presenta unha problemática tan complexa como a actual. Para iso potenciaremos a realización e difusión de traballos gráficos e en soporte audiovisual que posibiliten ao alumnado planificar un proxecto competencial nas súas tres fases: planificación, elaboración e exposición do mesmo. Potenciaremos o traballo grupal e colaborativo, a transversalidade e o desenvolvemento das competencias por parte do alumnado, que terá que adquirir habilidades para analizar e elaborar materiais en diferentes soportes así como plantexar de maneira axeitada a exposición dos resultados.	33	12		X	
3	Proxecto 3: Día das Letras Galegas e Día do Medio Ambiente	Nesta unidade/proxecto, plantexaremos diferentes traballos ao alumnado para poñer en valor, por unha banda, a importancia de coidar e potenciar a cultura galega, destacando especialmente á personalidade homenaxeada no presente curso e, por outra banda, a importancia do coidado da nosa contorna, a loita contra o cambio climático, con iniciativas que partirán sempre do local e particular cara o global. Para iso potenciaremos a realización e difusión de traballos gráficos e en soporte audiovisual que posibiliten ao alumnado planificar un proxecto competencial nas súas tres fases: planificación, elaboración e exposición do mesmo. Potenciaremos o traballo grupal e colaborativo, a transversalidade e o desenvolvemento das competencias por parte do alumnado, que terá que adquirir habilidades para analizar e elaborar materiais en diferentes soportes así como plantexar de maneira axeitada a exposición dos resultados.	34	12			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Proxecto 1: Día das Mulleres Escritoras e o Mes da Ciencia (mulleres científicas)	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Sabe porqué se conmemoran esas datas.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Selecciona alo menos un recurso a empregar.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	.Usa con responsabilidade as fontes de información		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Fai unha estimación do tempo requerido.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Mostrase colaborativo na aportación de solucións.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Ten boa actitude no traballo.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Esfórzase na elaboración do proxecto.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Esfórzase na elaboración do proxecto.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Ten actitude positiva no traballo e a resolución de problemas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	E autocrítico cos resultados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Actitude positiva para participar na exposición dos resultados.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Tenta expresarse con corrección verbalmente.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Tenta expresarse con corrección xestualmente.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	E positivo nas suas actuación.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Ten boa actitude á hora de aprender a manexar os diferentes soportes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> </ul>

### Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	Proxecto 2: Día da Paz e o 8-M (Día da Muller)	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Sabe porqué se conmemoran esas datas.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Selecciona alo menos un recurso a empregar.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Usa con responsabilidade as fontes de información.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Fai unha estimación do tempo requerido.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Móstrase colaborativo na aportación de solucións.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Ten boa actitude no traballo.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Esfórzase na elaboración do proxecto.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Esfórzase na elaboración do proxecto.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Ten actitude positiva no traballo e a resolución de problemas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	É autocrítico cós resultados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Actitude positiva para participar na exposición dos resultados.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Tenta expresarse con corrección verbalmente.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Tenta expresarse con corrección xestualmente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	É positivo nas súas actuacións		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Ten boa actitude á hora de aprender a manexar os diferentes soportes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Proxecto 3: Día das Letras Galegas e Día do Medio Ambiente	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Sabe porqué se conmemoran estas datas.		
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Selecciona alo menos un recurso a empregar.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Usa con responsabilidade as fontes de información.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Fai unha estimación do tempo requerido.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Móstrase colaborativo na aportación de solucións.	TI	100
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Ten boa actitude no traballo.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Esfórzase na elaboración do proxecto.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Esfórzase na elaboración do proxecto.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Ten actitude positiva no traballo e a resolución de problemas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	E autocrítico cós resultados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Ten actitude positiva para participar na exposición dos resultados.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Tenta expresarse con corrección verbalmente.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Tenta expresarse con corrección xestualmente.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	E positivo nas súas actuacións.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Ten boa actitude á hora de aprender a manexar os diferentes soportes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

A metodoloxía a empregar será eminentemente activa, baseada nas experiencias prácticas e colaborativas entre os integrantes dos proxectos.

- Potenciaremos a búsqueda responsable e autónoma da información nos diferentes medios posibles.
- Posibilitaremos que o traballo sempre sexa grupal e colaborativo.
- Potenciaremos que os integrantes do grupo poñan a súas habilidades individuais ao servizo do grupo.
- Incidiremos na maior autonomía posible do alumnado respecto do profesorado, procurando a búsqueda de recursos e solucións de xeito autónomo ao mesmo tempo que consensuado pola súa parte.
  - Posibilitaremos o acceso a meirande parte de recursos posibles: dixitais, espaciais, temporais, materiais, para que o alumnado poda desenvolver as súas capacidades de xeito sinxelo e sen trabas, cara a obtención de mellores resultados.
  - Tentaremos a implicación doutros membros da comunidade educativa (profesores, alumnos doutras materias ou nivéis) como recurso especialmente valioso na elaboración dos traballos, recurso que o alumnado terá que solicitar e xestionar de forma autónoma.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos dixitais.
Recursos espaciais.
Recursos temporais
Recursos materiais

- PC. tablets, scanner, impresora, cámara dixital, micros, equipo de son, etc.
- Biblioteca do centro (centro neurálxico da realización dos proxectos), aula de plástica, aulas de informática, diferentes espazos requeridos para a grabación do material audiovisual.
- Ademáis da hora semanal de clase, posibilidade de realizar (de xeito excepcional) tarefas nalgũa outra hora para compatibilizar o desenvolvemento do proxecto con posibles colaboradores externos (profesorado e alumnado doutros grupos o nivéis, etc.).
- Cartafols, pinturas, rotuladores, outros materiais, etc.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Breve enquisa ao alumnado sobre o seus coñecementos no emprego de recursos dixitais e audiovisuais así como o seu interese polos aspectos a tratar na materia.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>33</b>	<b>33</b>	<b>34</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

En canto os criterios de cualificación, e en función do desenvolvemento dos proxectos de cada un dos trimestres, cada alumno/alumna avaliarase segundo os seguintes criterios de cualificación:

- 40% vinculado á actitude positiva, colaborativa, a predisposición ao traballo en equipo, esforzo e bó comportamento.
- 30% vinculado busqueda e uso responsable da información, o bó uso dos recursos dispoñibles e o aprendizaxe no uso dos diferentes soportes e medios utilizados.
- 30% vinculado ao resultado e exposición final do proxectos.

Como se pode ver, consideramos máis importante a boa disposición e actitude hacia as tarefas e o correcto desenvolvemento do proxecto en sí que ao resultado final do mesmo, dado que este pode verso moi condicionado pola implicación individual dalgún dos membros dos diferentes equipos de traballo.

### **Criterios de recuperación:**

No caso de que algún alumno/a acadase unha avaliación negativa na convocatoria ordinaria de xuño, tería a oportunidade de realizar dúas tarefas/proxectos, (unha presentación dixital e un mural) neste caso máis sinxelos e, obviamente, de elaboración individual, sobre dúas das datas conmemorativas que traballamos ao longo do ano, podendo así recuperar a materia e obter unha avaliación positiva na convocatoria extraordinaria.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

No caso de non estar matriculado na materia "Proxecto Competencial" no curso seguinte, a recuperación e avaliación da materia pendente estaría vinculada á realización duns traballos individuais (presentacións dixitais e murais en cartafols) en relación coas datas conmemorativas propostas do curso anterior. De estar matriculado na materia nese curso, a avaliación positiva no curso vixente suporía a recuperación da materia no curso anterior.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervéñen na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Creatividade	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.3 - Autonomía	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable e fomento do espírito crítico	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación en charlas, obradoiros, concertos ou actividades varias.	Participación en charlas, obradoiros, concertos ou actividades varias a propositado Equipo de Biblioteca, Vicedirección, Orientación, etc., que teñan que ver cos proxectos que estamos a traballar.		X	X
Organización de charlas, obradoiros, concertos, etc.	Organización de charlas, obradoiros, concertos, etc., derivados da realización dos traballos feitos na materia e que poden ter a súa proxección na Semana Cultural do centro e outro tipo de datas significativas para toda a comunidade educativa.		X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Acadado
En proceso de mellora
Mellorable

### Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final de curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avalíaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

## **9. Outros apartados**